



Estimada amiga/o:

Queremos lembraros dende a Escola que a fase práctica debe desenvolverse nun prazo máximo de dous anos desde o remate da fase teórica (artigo 71 do decreto 50/2000 da Xunta de Galicia).

O mesmo tempo lembrar o trámite que tedes que seguir coa documentación das prácticas:

#### **ANTES DE INICIALAS:**

- Tendes que entregar o proxecto inicial das prácticas a realizar, xunto coa fotocopia do título de monitor/a-do titor/a de prácticas que os acompañará na entidade. Debe ser entregado ao inicialas (ou 7 días antes no caso de ser un campamento). Ver modelo no temario metodoloxía. **Formato dixital. (identificar o documento co nome seguido da palabra proxectoprácticas2012 EX: manolitoprojectoprácticas2012).**

#### **DESPOIS DE ENTREGAR O PROXECTO:**

- Unha vez recibido o proxecto, a Escola remitiravos o esquema que debes seguir para a memoria e o informe para cubrir polo voso/a titor/a de prácticas.

#### **DESPOIS DE REALIZADAS AS PRÁCTICAS:**

Unha vez entregado o proxecto e rematadas as prácticas é o momento para que entreguedes á Escola a seguinte documentación:

1. Memoria da realización desas prácticas segundo modelo base. **Formato dixital.(identificar co nome seguido da palabra memoria ex maríamemoria2012).**
2. Informe do monitor/a-titor/a de prácticas (lembra solicitar modelo á Escola ao iniciar as prácticas). Orixinal asinado.
3. Xustificante de pago da taxa aprobada pola Xunta (11€)

Lembrar que tendes que comunicar á Escola cando saibades onde realizaredes as prácticas e que de non cumprir os prazos caducaría a parte teórica e práctica. Para calquera dúbida podedes contactar con nos no **teléfono 698142158** por correo electrónico [escolaxaruma@yahoo.es](mailto:escolaxaruma@yahoo.es) ou no apartado de correos 3232-36205 VIGO

